



Glosario: Somos persoas instrutoras

A	<p>A fala</p> 	<p>Definición Sinónimo de dialecto en galego como unha variante dialectal da lingua normativa en Galicia. Tamén se lle chama fala á variante dialectal galega falada nunha zona de Estremadura.</p> <p>Exemplo. A miña fala non ten por que ser peor que a falada no telexornal da TVG.</p>
	<p>Acento</p> 	<p>Definición: É un signo de ortografía que se coloca enriba dalgunhas vogais marcando o acento de intensidade. Algunhas veces tamén marca o timbre aberto ou pechado dalgunhas vogais.</p> <p>Exemplo: Camión leva acento porque é unha palabra aguda que remata en consoante n</p>
B	<p>Bloque dialectal</p> 	<p>Definición É unha agrupación lingüística complexa que atende á distribución xeográfica e á maneira de se combinaren os fenómenos diferenciados das falas galegas.</p> <p>Exemplo A substantivo "pantalois" é un vocábulo que pertence ao bloque dialectal no leste de Galicia.</p>
C	<p>Camiño francés</p> 	<p>Definición Este é o camiño máis coñecido dende Europa e un dos obxectivos a lograr como experiencia cultural ou relixiosa.</p> <p>Exemplo. O Camiño Francés atravesa os Pirineos e entra en Galicia polo Cebreiro.</p>

Códice Calixtino



Definición

Este un libro antigo, coñecido en latín como "Liber Sancti Jacobi" e en galego como Libro de Santiago. É a guía referencial do mundo xacobeo e o máis antigo centrado exclusivamente na peregrinaxe a Santiago de Compostela.

Exemplo.

O exemplar máis antigo do Códice Calixtino consérvase na catedral de Santiago de Compostela.

Comunicar



Definición:

Capacidade que teñen as persoas de dar a coñecer unha información a outras

Exemplo:

As persoas poden comunicar o que precisan ou como se senten de moitas maneiras. Coa fala, con xestos ou a veces coa mirada.

Convivencia



Definición:

As relacións que se producen entre persoas que conviven.

Exemplo.

Despois da receita, a convivencia da aula é marabillosa.

D

Dialectalismo



Definición

Vocábulo ou termo propio dun dialecto, que se afasta da lingua considerada estándar.

Exemplo

O dialectalismo é un fenómeno normal en sociedades afastadas, numerosas e con diferenzas culturais distintas.

Ditongo



Definición

Dúas vogais que van xuntas nunha mesma sílaba.

Exemplo.

Exemplos de palabras con ditongo temos: moito, liorta, ademais, nais, outeiro...

Diversidade



Definición:

Son as diferenzas que podemos atopar dentro dun grupo, ou dito doutra forma, a calidade de poseer variedade.

Exemplo:

Na nosa escola hai unha gran diversidade de persoas e fálanse unha gran diversidade de linguas.

Diversidade lingüística **Definición:**



Proporción de linguas distintas que se falan nun mesmo territorio ou área xeográfica.

Exemplo:

Europa é un continente cunha gran diversidade lingüística.

Dixital

Definición:



Sistema moderno para almacenar información

Exemplo:


A tecnoloxía dixital está cambiando o mundo .

E

Elaborar

Definición

Preparar un produto empregando unha materia prima.




Exemplo.

Empregamos patacas e ovos para elaborar unha tortilla.

Emoticonas

Definición:

Pequenas imaxes ou iconas dixitais que se usan en comunicacións dixitais. Representan unha emoción, un obxecto, unha idea...



Exemplo:

Uxía sempre usa moitas emoticonas cando fala por mensaxería EDIXGAL.

Enquisa

Definición:

Conxunto de preguntas que se fan a un número determinado de persoas para saber a súa opinión sobre un asunto ou obter datos.



Exemplo.

Nas eleccións realizan enquisas todos os días.

Galego normativo ou estándar



G

Definición

Esta foi a norma que se acordou de todas as variantes dialectais que se falan en Galicia e é a que se aspira a empregar nos medios de comunicación, administración e educación

Exemplo.

Na Lama fálase un galego máis normativo.

Gramática



Definición:

É o conxunto de normas que se deben seguir para falar e escribir ben unha lingua.

Exemplo:

A gramática da Lingua Galega é moi bonita.

I

Imperativo



Definición:

Tempo verbal que se utiliza para indicar sobre todo orde, mandato ou súplica.

Exemplo:

Na frase fai os deberes, fai está en imperativo.

Instrución



Definición:

Son as indicacións que podemos dar ou recibir para o manexo de algo

Exemplo:

Se queremos que o mobre quede ben montado máis no vale seguir as intrucións da caixa.

Intendencia



Definición

Abastecemento, organización e administración dunha casa, escola etc.

Exemplo.

Na maioría das escolas, sempre foi a dirección a encargada da intendencia.

L	Lexema	<p>Definición Parte da palabra que non varía.</p> <p>Exemplo.</p> <p>Por exemplo nas palabras mariño, mariñeiro, ultramarino a parte que nunca cambia, é dicir, o lexema, sería mar.</p>
	Lingua	<p>Definición:</p> <p>Ten máis dun significado pero para o tema que estamos a tratar é o código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está formado por un variado repertorio de elementos e regras.</p> <p>Exemplo:</p> <p>No mundo fálanse máis de 7000 linguas.</p>
	Lingua de signos	<p>Definición:</p> <p>A lingua de signos é unha forma de comunicación que utiliza movementos e gestos coas mans para expresar ideas. É usada por persoas xordas ou con dificultades auditivas para comunicarse sen depender da linguaxe falada.</p> <p>Exemplo:</p> <p>O meu tío é xordo e de pequeno aprendeu a falar a lingua de signos.</p>
M	Manual	<p>Definición:</p> <p>É un documento ou libro que nos indica información básica dun aparello ou dun tema.</p> <p>Exemplo:</p> <p>O electrodoméstico sempre traen un manual de uso.</p>
	Material funxible	<p>Definición:</p> <p>É todo aquel material que se gasta ao empregalo.</p> <p>Exemplo.</p> <p>Na aula empregamos todos os días material funxible.</p>

Medicación



Definición

Son o conxunto de medidas médicas que se lle aplican ou se lle poden aplicar a unha enfermidade.

Exemplo.

A medicación para mellorar a dor de gorxa pode ser un xarope.

Morfema

Definición

Parte da palabra que varía.



Exemplo.

Por exemplo nas palabras mariño, mariñeiro, ultramariño a parte que nunca cambia ou lexema sería mar. As outras partes (-iño, -iñeiro, ultra-) son os morfemas.

Posoloxía

Definición

Doses ou cantidades en que deben ser administrados os medicamentos.



Exemplo.


A posoloxía sempre vai vir indicada nos prospectos.

P

Prefixo

Definición

Parte da palabra que varía que se pon diante do lexema.



Exemplo.

Exemplos de prefixos serían ex- (exalumno, excandidato), sub- (submariño, subóptimo) ou anti- (antimateria, antipersoa) entre outros.

R








Receitario

Definición

Conxunto ou colección de receitas que xeralmente se atopan nun libro.

Exemplo.

Atopei a elaboración da bola nese receitario.

	<p>Regra</p> 	<p>Definición</p> <p>Son as normas que nos din o que se debe ou non se debe facer e como se debe facer.</p> <p>Exemplo.</p> <p>As regras de ortografía axúndannos a escribir mellor.</p>
	<p>Rúbrica</p> 	<p>Definición:</p> <p>É un instrumento de avaliación. Está formado por filas e columnas. Cada fila ten un apartado para avaliar e as columnas dan opcións de como avaliar cada apartado.</p> <p>Exemplo:</p> <p>Na escola usamos moitas rúbricas para saber que tal fixemos o noso traballo.</p>
	<p>Sílaba</p> 	<p>Definición</p> <p>Cada un dos golpes de voz cando se producen ao pronunciar unha palabra. Cada sílaba ten como mínimo unha vogal.</p> <p>Exemplo.</p> <p>A palabra "anaco" estaría formada por tres sílabas: a - na - co.</p>
S	<p>Substantivo</p> 	<p>Definición:</p> <p>É un tipo de palabra que utilizamos para referirnos a seres vivos, cousas inanimadas (sen vida), ou incluso conceptos abstractos.</p> <p>Exemplo:</p> <p>Os nomes propios son substantivos e escríbense con maiúscula.</p>
	<p>Tecnoloxía</p> 	<p>Definición:</p> <p>Conxunto de dispositivos ou procedementos que se usan para facer máis fácil certas actividades.</p> <p>Exemplo:</p> <p>A tecnoloxía está cambiando a maneira na que aprendemos e traballamos.</p>